

**Acordo do 31 de agosto de 2023 da Comisión do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de titulado/a universitario de grao ou equivalente do grupo I e II da sociedade Xestión do Solo de Galicia -Xestur S.A, polo que se aproba e se fai pública a baremación definitiva das persoas aspirantes admitidas do dito proceso selectivo.**

De conformidade coa cláusula III.3 das bases reguladoras do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso para o ingreso nas categorías de titulado/a universitario de grao ou equivalente do grupo I e II de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A, publicadas xunto co anuncio da convocatoria con data 30 de decembro de 2.022 na páxina web: [www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com), a Comisión de Selección, nomeada polo Consello de Administración de data 29 de marzo de 2.023 (DOG nº 76 do 20 de abril de 2.023), e constituída a tales efectos con data 31 de agosto de 2023, entre outros puntos da orde do día, **ACORDOU:**

**1.- Dar conta das alegacións que se presentaron, no seu caso, contra as puntuacións asignadas na baremación provisional e resolución das mesmas.**

A Secretaria da conta de que as puntuacións provisionais dos aspirantes asignadas na baremación provisional, aprobada pola Comisión de Selección en sesión celebrada o pasado 14.07.2023, publicáronse na páxina web de Xestur, S.A. na mesma data, concedéndose un prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte á publicación para presentar alegacións ou reclamacións.

Presentáronse en tempo e forma dúas alegacións:

.- Por Sofía Conde de Sas (EC23-1023 de 27 de xullo de 2023), onde se solicita se teñan en conta no apartado de formación todos os cursos presentados e no apartado de experiencia profesional que se recollan 199 meses traballados en Xestur, consonte o certificado de vida laboral e non os 179 puntuados.

En canto o alegado, a Comisión de Selección, considera que en relación os cursos de formación a aspirante acadou a puntuación máxima posible neste apartado 22,5 puntos, polo que non procede seguir puntuando outros cursos que non terían transcendencia algunha ao non ser computables, tal e como se acordou con carácter previo o inicio das puntuacións na sesión de 14.07.2023. Por outra banda en relación aos meses traballados en Xestur, a persoa aspirante obvia o regulado no parágrafo 5º do punto III.1.1. do prego de bases que sinala que "*os servizos prestados en xornada inferiores á completa valoraranse proporcionalmente*". En consecuencia, tal como se constata no certificado emitido por Xestur, os servizos prestados entre 01/10/2014 e 30/12/2022, o foron en xornada reducida (76,67% da xornada total) polo que valorouse proporcionalmente dando o resultado que consta na baremación provisional, que a comisión ratifica por unanimidade.

.- Por Susana López Lemos (EC23-1034, de 28 de xullo de 2023), que se incorporen no apartado de formación todos os cursos presentados e por outra banda que no suposto de empate dos aspirantes, resolverase a favor da aspirante de maior idade.

En canto o alegado, a Comisión de Selección, considera que en relación os cursos de formación a aspirante acadou a puntuación máxima posible neste apartado 22,5

puntos, polo que non procede seguir puntuando outros cursos que non terían transcendencia algunha ao non ser computables, tal e como se acordou con carácter previo o inicio das puntuacións na sesión de 14.07.2023, sendo que si se incluíu algún curso de outra persoa/s aspirante/s, unha vez superado o umbral de puntuación máxima, foi por mera operativa ou practicidade ao confeccionar os cadros de puntuación pero en ningún caso computáronse cursos unha vez obtida a puntuación máxima prevista neste apartado.

En relación, á alegación en caso de empate na puntuación dos aspirantes, estimase a mesma procedendo a modificar a posición das persoas aspirantes que se encontran en situación de empate, acudindo os criterios de desempate recollidos no criterio cuarto do apartado V.1 do prego de bases, ao persistir o empate unha vez aplicados os tres primeiros criterios de desempate.

## 2.- Aprobación da baremación definitiva do proceso selectivo.

Á vista do anterior, a comisión de selección acorda, por unanimidade, ratificar as puntuacións asignadas aos candidatos nas distintas fases do proceso selectivo, modificando unicamente, a posición das persoas aspirantes que se encontraban en situación de empate no posto de Técnico- Licenciado en dereito. As puntuacións finais se reproducen nos seguintes cadros:

Posto: Técnico//ECCP				
Prazas: 1				
Nome	DNI	Experiencia Profesional (max 70 puntos)	Outros Meritos (Ata 30 pts)	TOTAL PTOS
López Bellón, Fernando	*68***03**	57	19,12	76,12
Valladares López, Leticia	*67***87**	21,25	25	46,25

Posto: Técnico//Lic-grao Dereito				
Prazas: 2				
Nome	DNI	Experiencia Profesional (max 70 puntos)	Outros Meritos (Ata 30 pts)	TOTAL PTOS
Conde de Sas, Sofía	*61***83**	56,80	25	81,80
Alonso Silva, María	*54***02**	53,40	22,5	75,90
Reza Conde, María Cristina	*49***85**	23,50	25	48,50
López Lemos, Susana	*33***63**	19,88	25	44,88
Pérez Sanmiguel, Yesica	*48***23**	19,88	25	44,88
Casas Moldes, Ana M <sup>a</sup>	*53***17**	18,38	24,5	42,88

<b>Posto: Axudante depar-coordinador/II/Lic-grao Dereito</b>				
<b>Prazas: 1</b>				
Nome	DNI	Experiencia Profesional (max 70 puntos)	Outros Meritos (Ata 30 ptos)	<b>TOTAL PTOS</b>
Vilouta Iglesias, Trinidad	*48***98**	54,30	28,50	82,80

<b>Posto: Axudante depar-coordinador/II/Relacións laborais</b>				
<b>Prazas: 1</b>				
Nome	DNI	Experiencia Profesional (max 70 puntos)	Outros Meritos (Ata 30 ptos)	<b>TOTAL PTOS</b>
Castro Freire, Evangelina	*87***00**	54,60	15,20	69,80

<b>Posto: Técnico/II/Lic-grao Ciencias Econ.e Empr.</b>				
<b>Prazas: 1</b>				
Nome	DNI	Experiencia Profesional (max 70 puntos)	Outros Meritos (Ata 30 ptos)	<b>TOTAL PTOS</b>
Matarranz González, Sandra	*48***71**	47,40	22,5	69,90

O presente acordo da comisión de selección e susceptible de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro; e publicarase na páxina web da sociedade de conformidade co previsto no apartado III.3 do prego de bases.

Para que así conste,

Diego Jorreto Díaz  
Presidente da Comisión de Selección  
(documento asinado dixitalmente)